
GRAZAS!

Texto de ISABEL MINHÓS MARTINS

Ilustracións de BERNARDO CARVALHO

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartóné. 22 x 22 cm. 32 páx. 13 €.

RECOMENDADO POLA FUNDACIÓN GULBENKIAN (PORTUGAL)

Grazas (galego)

ISBN 978-84-8464-826-0. Demademora.

¡Muchas gracias! (castelán)

ISBN 978-84-92608-76-8. Libros para Soñar.

O meu pai ensinoume a ter paciencia.

A miña nai explicoume que ás veces é mellor non esperar.


A miña avoa María sempre dí que «non hai un minuto que perder».

Pero para o meu avó Filipe: «O mellor do mellor é descansar»...

Ter paciencia, valorar a disciplina e obedecer os maiores. Saber gañar e perder, integrarse nun equipo, practicar o compañeirismo. Saber escoitar e disfrutar do silencio, ir afrontando retos para perder os medos, ser prudentes e perseverantes. Apreciar a beleza dos momentos e das cousas que nos rodean... "Grazas!" é unha mensaxe en forma de álbum ilustrado dirixida a cantas persoas pasan pola nosa vida e contribúen á nosa educación, axudándonos a forxar a nosa maneira de ser e de actuar na sociedade: a familia, os amigos, a veciñanza, a escola...

Contado en primeira persoa con frases breves que describen situacións cercanas e cotiás, permite que os lectores se identifiquen con vivencias propias ou experiencias próximas. As ilustracións -a base de trazos soltos e cores luminosas que transmiten positivismo- reflicten escenas do fogar que transcorren no campo e mais na cidade, encontros con xente moi diversa coa que se interactúa día a día, espazos para a diversión e o xogo.

...Unha aprendizaxe que traspasará a nenez e durará toda a vida.



-
- **Temática:** aprendizaxe e ensinanzas que nos inculcan as persoas do noso contorno.
 - **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.
 - **Aspectos destacables:** da autora de "Ovelliña, dáme la" e "P de papá" (KALANDRAKA); do ilustrador de "P de papá"; recomendado pola Fundación Gulbenkian/Casa da Leitura (Portugal); educación, infancia.
-

Isabel Minhós Martins

(Lisboa, 1974)

Estudou Deseño de Comunicación na Facultade de Belas Artes de Lisboa. Traballou nunha axencia de comunicación pedagóxica realizando proxectos educativos. É unha das fundadoras de Planeta Tangerina, que comezou sendo un estudo de servizos educativos e converteuse en editorial, onde publicou varios libros como autora; entre eles, "P de papá" (KALANDRAKA), Mención de Honra no Premio aos libros mellor deseñados do mundo (2008). Foi finalista do I Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado pola obra "Ovelliña, dáme la" (KALANDRAKA). Tamén foi nominada en 2010 aos Premios de Autor da SPA/RTP e, nese mesmo ano, unha das súas obras foi seleccionada polo Banco do Libro de Venezuela. Os seus textos publicáronse en varios países de Europa, América e Asia. www.planetatangerina.com/pt

Bernardo Carvalho

(Lisboa, 1973)

Estudou na Facultade de Belas Artes de Lisboa. É un dos fundadores da editorial Planeta Tangerina. Con "P de papá" (KALANDRAKA) foi galardoado en 2008 cunha Mención de Honra no Premio aos libros mellor deseñados do mundo, promovido pola Book Art Foundation. Tamén foi distinguido en 2009 pola Fundación CJ de Cultura de Corea. Ese mesmo ano gañou o Premio Nacional de Ilustración en Portugal. En 2011 outra das súas obras foi seleccionada polo Banco do Libro de Venezuela. www.planetatangerina.com/pt